I CONGRESO DIDÁCTICA DA QUÍMICA

4 e 5 de Octubro de 2019

CIFP
POLITÉCNICO DE SANTIAGO

Organizado:

ASOCIACIÓN DE QUÍMICOS DE GALICIA

Colegio Oficial de **Químicos de Galicia**

ÍNDICE

- INTRODUCIÓN 3
- O CONGRESO 6
  - ENTIDADES ORGANIZADORAS 6
  - ENTIDADES COLABORADORAS 6
  - COMITÉ CIENTÍFICO 6
  - COMITÉ DE DIRECCIÓN 6
  - RELATORES PLENARIOS 7
- PROGRAMA DO CONGRESO 8
  - CONFERENCIAS E PÓSTERS 8
  - DISTRIBUCIÓN DO CONGRESO 9
- CONFERENCIAS PLENARIAS 10
- RESUMOS 14
  - CONFERENCIAS e PÓSTERS. CÓDIGO DL 15
  - CONFERENCIAS e PÓSTERS. CÓDIGO DM 21
  - CONFERENCIAS e PÓSTERS. CÓDIGO DT 27
- COLEXIO OFICIAL DE QUÍMICOS DE GALICIA 32

ASOCIACIÓN DE QUÍMICOS DE GALICIA

Colegio Oficial de Químicos de Galicia

Asociación de Químicos de Galicia
Colexio Oficial de Químicos de Galicia
Santiago de Compostela- Galicia - España
ISSN: 978-84-09-14905-6

INTRODUCIÓN

No ano 1995 un grupo de membros da Asociación de Químicos de Galicia e do Colexio Oficial de Químicos de Galicia puxeron en marcha as primeiras Xornadas Galegas sobre a Didáctica da Química que celebráronse en Santiago de Compostela os días 20 e 21 de xaneiro na Facultade de Química da USC. Naquela Xornada abordouse o ensino da química en todas as súas facetas: teoría, laboratorio, técnicas de ensino con obxecto de analizar a problemática desta disciplina que a algúns sectores do alumnado fáiselle complexa e difícil.

No ano 2019, a Asociación de Químicos de Galicia e o Colexio Oficial de Químicos de Galicia quere retomar, en formato congreso, aquela vella idea das Xornadas do ano 1995 cun obxectivo claro: crear un marco que sirva para a mellora do ensino da química en tódolos ámbitos educativos da Comunidade Galega, dando lugar a un punto de encontro onde os profesionais docentes poidan coñecer, compartir e intercambiar experiencias que melloren a súa labor docente, da Química, en conxunto, e tratando de dar cabida a todos os centros educativos, tanto públicos como privados, da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo o ámbito universitario.

Este marco debe de permitir:

- Intercambiar ideas e formas de ensinar a química en tódolos niveis do ensino. Preténdese que os asistentes teñan una visión global da situación educativa da Química na nosa Comunidade, dende 2º de Educación Secundaria, onde se inicia o seu estudo na materia de Física e Química ata o ámbito universitario.
- Servir de punto de encontro de tódolos ensinantes da química en Galicia, creando un ambiente que promova o intercambio de experiencias, tanto de xeito formal como informal (**Coffeedidac**).
- Buscar a innovación e a excelencia no Ensino da Química, afrontar os novos retos que supón a introdución das novas tecnoloxías e metodoloxías en educación.
- Entender a importancia da química no ámbito profesional, e as súas implicacións nas diferentes profesións.

Este Congreso está indicado para:

- Profesores de Centros Educativos de Secundaria, tanto públicos, coma concertados e privados.
- Profesores de centros CIFP.
- Profesores das universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estudantes do Mestrado de Profesorado.

POR QUE É NECESARIO ESTE CONGRESO?

O primeiro contacto de calquera mozo ou moza coa Química faise na idade escolar de aí a importancia do profesorado na xeración da vocación química no alumnado.

A formación química non só é teórica, tamén abrangue as prácticas de laboratorio. Polo que o profesorado non só ten que ter coñecementos para impartir una formación teórica de química, tamén debe ter capacidade para saber elaborar unha formación práctica, no laboratorio, que ilusione ao seu alumnado.

Moitas son as ferramentas que debe considerar todo o profesor ou profesora de química. Este Congreso pretende que o profesorado de química de Galicia estea en contacto e intercambie a súa experiencia para que o alumnado teña motivación e senta a vocación química.

O ano 2019, cando se organiza este primeiro Congreso, foi declarado o ano da Táboa Periódica pola Organización de Nacións Unidas #IYPT2019. Esta táboa é unha das primeiras experiencias do alumnado coa química, porén, este primeiro Congreso de Didáctica da Química quere honrar a Mendeleev e á Táboa Periódica, ferramenta necesaria para entender e comprender o mundo da química.

O CONGRESO

ENTIDADES ORGANIZADORAS

Colegio Oficial de Químicos de Galicia

ASOCIACIÓN DE QUÍMICOS DE GALICIA

ENTIDADES COLABORADORAS

CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

hna

PSN

genially

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL



Este primeiro Congreso de Didáctica da Química celébrase os días 4 e 5 de Outubro de 2.019 nas instalacións do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO, en Santiago de Compostela.

COMITÉ CIENTÍFICO

- Dr. José Manuel Andrade Garda.
- Dr. José María Fernández Solís
- Dr. Santiago Díaz Barbeito

COMITÉ DE DIRECCIÓN:

- José Luis Francisco Fuentes
- José Ramón Bahamonde Hernando
- Dr. Jaime Franco Vázquez
- Juan José Sanmartín Rodríguez.
- Dr. Manuel Rodríguez Méndez

RELATORES PLENARIOS

- Prof. Dr. D. Manuel Bermejo Patiño. Catedrático Emérito de Química Inorgánica. Universidade de Santiago de Compostela
- D. Juan José Sanmartín Rodríguez. Profesor Colexio Vila de Arenteiro
- Prof. Dr. D Jaime Franco Vázquez. Profesor do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO.

PROGRAMA DO CONGRESO

CONFERENCIAS E PÓSTERS

NOME	APELIDOS	CÓDIGO	TITULO DO TRABALLO	Oral/Póster
Fernando	Barbadillo Jove	DL1	Práctica de polarimetría con materiales sencillos	**Oral**
Ramón	Cid Manzano	DL2	Construción e emprego dun espectrofotómetro caseiro como aproximación á espectroscopía en Secundaria.	**Oral**
Beatriz	Crujeiras Pérez	DL3	Uso de criterios para a avaliación de modelos sobre o proceso de disolución do sal en auga	**Oral**
José María	Fernández Solís	DL4	Determinación de iones cloruro en aguas de lago. Aplicación del programa Statgraphics para el tratamiento de datos	**Póster**
Xosé Carlos	Rodríguez García	DL5	Experiencia didáctica no laboratorio: profundando na corrosión de metais	**Póster**
Max José	Belo de Souza	DM1	Catalizando el conocimiento: Construcción de juegos didácticos en la enseñanza de la Química	**Oral**
Javier	Valdés Gómez	DM2	Aplicación práctica de Filpped Classroom en Química de Bachillerato	**Oral**
Rebeca	García Fandiño	DM3	Herramientas basadas en Realidad Virtual y Realidad Aumentada para la enseñanza de Química y Biología	**Oral**
Daniel	González Fernández	DM4	Proposta de intervención para a aula de Química de 2° de bacharelato baseada na "clase invertida"	**Póster**
Ana	Rodríguez Bernaldo de Quirós	DM5	Docencia en una asignatura experimental: Prácticas de laboratorio de Nutrición y Bromatología II	**Póster**
José Manuel	García Salgueiro	DT1	“Uso de la tecnología en las prácticas de química”	**Oral**
Ana María	Gayol González	DT2	Síntesis de líquidos iónicos	**Oral**
Sandra	Fernández Fariña	DT3	En busca de los elementos químicos	**Póster**
Beatriz	Padín Romero	DT4	El calor de reacción con sensores	**Póster**

DISTRIBUCIÓN DO CONGRESO

DÍA	HORARIO	ACTIVIDADE	
VENRES	16:30-17:00	Recepción	
	17:00-17:50	Inauguración	
	17:35-18:25	Relatorio inaugural	Prof. Dr. Manuel Bermejo Patiño
	18:25-18:45	Comunicación Oral DT1	
	18:45-19:05	Comunicación Oral DT2	
	19:05-19:15	Pósters: DT3 y DT4	Explicación do póster
	19:15:20:00	Cofee-break e Pósters	
SÁBADO MAÑÁ	10:00-10:50	Relatorio Plenario	Prof. Dr. Jaime Franco Vázquez
	10:50-11:10	Comunicación Oral DL1	
	11:10-11:30	Comunicación Oral DL2	
	11:30-11:50	Comunicación Oral DL3	
	11:50-12:00	Pósters DL4 e DL5	Explicación do póster
	12:00-12:45	Cofee-break e Pósters	
	12:45-13:30	Visita Laboratorios CIFP	En 2 grupos. 2 laboratorios
	13:30 – 15:30	COMIDA	Libre
SÁBADO TARDE	16:00-16:50	Relatorio Plenario	Prof. D. Juan José Sanmartín Rodríguez
	16:50-17:10	Comunicación Oral DM1	
	17:10-17:30	Comunicación Oral DM2	
	17:30-17:50	Comunicación Oral DM3	
	17:50-18:00	Pósters DM4 e DM5	Explicación do póster
	18:00-18:30	Visita Laboratorios CIFP	En 2 grupos. 2 laboratorios
	18:30-19:00	Mesa Redonda	TEMA: Programa Formación Química
	19:00-19:15	Clausura	

LUGAR: SALÓN DE ACTOS DO CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

CONFERENCIAS PLENARIAS

A TÁBOA PERIÓDICA

Prof. Dr. D Manuel Bermejo Patiño

A química, a ciencia que impulsa a nosa vida, preocúpase por atopar respostas ao *por qué* e ao *para qué* da propia ciencia. Respostar ao *por qué* lévanos ao incremento do coñecemento e, por elo, ao impulso da propia ciencia; comprender o *para qué* permítenos entender para que serve, cal é a súa utilidade e cal é a transcendencia social desta ciencia.

Pero toda a química está comprendida no chamado Sistema Periódico, pois o sistema periódico é o *abececedario* da química. Os elementos químicos están representados por símbolos, que son as letras dese abecedario; estas letras, cando se agrupan, forman as sílabas que definen aos compostos químicos; finalmente estas sílabas poden xerar as frases da nosa linguaxe como resultado das reaccións químicas. Todo elo configura a linguaxe dos que nos chamamos químicos: os científicos denominados químicos nos expresamos por medio de reaccións químicas (as nosas frases da linguaxe) que son as que dan sentido á nosa actividade experimental. Por todo elo debemos dicir que a actividade científica e intelectual dos químicos nace do coñecemento e da utilización do Sistema Periódico.

Este ano 2019 estamos a celebrar os 150 anos da publicación, por Dimitri Mendeleev, da primeira táboa periódica e, por todo elo, compre que meditemos sobre a transcendencia deste marabilloso instrumento da ciencia que representa o *abedecedario* da química.

Nesta conferencia sobre " o uso do Sistema Periódico na Didáctica da aula" a ditar dentro do 1º Congreso de Didáctica da Química que organiza o Colexio de Químicos de Galicia, pretendo: facer unha breve presentación de tan solemne efeméride como son os 150 anos da publicación da táboa periódica; explicar cal é, para min, a transcendencia que ten na aula o ensinar o *por qué* e *o para qué* da química; centrarme na importancia da utilización do Sistema Periódico na didáctica da aula e facer unha reflexión final sobre cal debe ser o futuro da Educación na Química.

A QUÍMICA E OS SÓLIDOS

Jaime Franco Vázquez
CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO
jaimefrancovazquez@gmail.com

Os sólidos e a súa química soen ser materias que, polo xeral, están pouco presentes nos currículos de química, xa sexa a nivel de ESO, Bacharelato, FP ou mesmo incluso nalgunhas Universidades. Parece como se a química dos sólidos estivera sendo incluída dentro dunha rama da Ciencia de Materiais, o que non está mal, pero tampouco é o axeitado posto que o perfil profesional nesa disciplina está formado maioritariamente por Físicos e Enxeñeiros de Materiais que, sen poñer en cuestión a súa profesionalidade, estaría máis enriquecida coa visión que temos os químicos á hora de abordar procesos tales como a síntese dos materiais e a súa reactividade. Neste charla ofrecerase unha visión acerca dos sólidos e a súa química que, pola súa natureza condensada, é distinta ó concepto máis clásico da química. Ademais de facer un breve repaso ás particularidades dos sólidos: clases, estruturas e a súa determinación... Destacaranse una serie de reaccións propias dos sólidos que, pola súa natureza poden ser empregadas como ferramenta para atraer os xoves o mundo da química. Cómpre poñer en valor que ademais da química en disolución (xa sexa líquida ou gasosa), existe un amplo abano de reaccións entre sólidos nas que hai un mundo por descubrir, algunhas moi antigas e outras máis novidosas..

APLICACIÓN DE NOVAS METODOLOXÍAS A DIDÁCTICA DA QUÍMICA

Juan Sanmartín Rodríguez
COLEXIO PLURILINGÜE VILA DO ARENTEIRO
juan@juansanmartin.net

É indiscutible a importancia que as novas tecnoloxías teñen hoxe na nosa vida diaria. Dende algo tan simple como pagar no supermercado a realizar unha operación co noso banco, o seu uso dentro do fogar ou no mundo laboral, onde os nosos alumnos non serán capaces de realizar o seu traballo sen elas.

A cuestión non está na necesidade da súa utilización, que é evidente, senón en como se deben utilizar para aproveitar todo o seu potencial. Partimos da idea que é NON substituír ao profesor, senón que este cambie de roll, complementar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e converterse nunha potente ferramenta naqueles casos en que as súas vantaxes son evidentes. Esa é a clave do modelo "aprender a aprender".

As TIC,s como elemento importante no ámbito do desenvolvemento das competencias que na adquisición de coñecementos. Estaremos a desenvolver a competencia de investigación, a competencia de traballo en equipo, a competencia dixital e a capacidade de falar en público.

Neste senso exponse os beneficios que achega a metodoloxía da Clase Inversa (Flipped Classroom) no ensino da Física e Química e adquisición das competencias clave. Historia desta metodoloxía e a súa ligazón dende un primeiro momento coa química.

Desenrolo práctico desta forma de traballar no aula, a inversión do proceso de aprendizaxe coma mellora na adquisición de coñecementos. Parte a tratar dentro da hora lectiva e fora da mesma co uso dos medios actuais que nos permite a rede. Métodos de control de tarefas dentro e fora do aula.

As ferramentas dixitais que nos permiten invertir o proceso de aprendizaxe, enriquecemento de vídeos e Feedback para a obtención de resultados previos, durante e a posteriori. Como favorece a aprendizaxe inversa ao desenvolvemento do traballo cooperativo dentro da aula e roll que debe seguir cada alumno. Introdución da Gamificación como elemento atractivo e de aprendizaxe na materia de Física e Química, vantaxes e inconvenientes. A creación de xogos con plataformas online.

RESUMOS

CONFERENCIAS e PÓSTERS. CÓDIGO DL

NOME	APELIDOS	CÓDIGO	TITULO DO TRABALLO	Oral/Póster
Fernando	Barbadillo Jove	DL1	Práctica de polarimetría con materiales sencillos	**Oral**
Ramón	Cid Manzano	DL2	Construción e emprego dun espectrofotómetro caseiro como aproximación á espectroscopía en Secundaria.	**Oral**
Beatriz	Crujeiras Pérez	DL3	Uso de criterios para a avaliación de modelos sobre o proceso de disolución do sal en auga	**Oral**
José María	Fernández Solís	DL4	Determinación de iones cloruro en aguas de lago. Aplicación del programa Statgraphics para el tratamiento de datos	**Póster**
Xosé Carlos	Rodríguez García	DL5	Experiencia didáctica no laboratorio: profundando na corrosión de metais	**Póster**

Preparación de un polarímetro con materiales sencillos.

Irene Balsa López[1], Barbadillo Jove Fernando[2]

[1]I.E.S Saturnino Montojo, Avda. Mac Mahón s/n (15 403 Ferrol) [2]I.E.S Ricardo Carballo Calero Avda. Castelao s/n (15 406 Ferrol)

(fernandobarbadillo@edu.xunta.es)

Tanto la programación de 2º de bachillerato de Química como las orientaciones del el grupo de trabajo de la CIUG recogen que se trate la estereoisomería: isomería óptica e …". [1].

En las jornadas para profesores del grupo "XuvenCiuencia" [2] del campus de Lugo de la USC, proponen realizar una práctica de polarografía con el kit "Photonics Explorer". La sencillez de esta práctica nos ha llevado a replantearnos de forma que se pueda realizar en cualquier centro tengo o no el citado kit.

La norma UNE 34195-84 establece un método para la determinación del poder rotatorio de los azúcares [3], fija entre la longitud del tubo del polarímetro en 200 mm, concentración del azúcar de 26 g/100 mL, usando una lámpara de vapor de sodio y tomar la media de al menos de cinco medidas.

Sin embargo varios libros de química orgánica hablan de un tubo de 10 cm [4]

Material necesario:

- Dos filtros polarizadores, que podemos conseguir:

  En los equipos de óptica de los centros. Filtros polarizadores de fotografía

  En el kit "Photonics Explorer" Placas polarizadoras se pueden encontrar en internet.

- Tubo para contener la disolución:
  - Tubo de PVC de 20 cm de longitud tapado en sus extremos con una lámina de vidrio.
  - Mini-acuario de vidrio o metacrilato. No todos los plásticos sirven. Conviene comprobarlos colocándolos entre dos filtros polarizadores y comprobar que no aparezcan figuras de interferencia.

- Sistema de iluminación. Hemos optado por sustituir la lámpara de sodio por otras fuentes de luz.
  - Una fuente de iluminación dirigida, incandescente o un láser, un puntero láser sirve.

- Sector graduado para medir el ángulo girado por el segundo polarizador(analizador).

Montaje:



Fig. 1 Esquema del montaje

Con el tubo lleno de agua se alinea el conjunto de forma que el haz de luz llegue a la pantalla. Se gira ahora el analizador hasta que no llegue luz a la pantalla, ángulo 0º. Se reemplaza el agua del tubo por la disolución de azúcar, se observa llega algo de luz a la pantalla. Giramos el analizador para conseguir que nuevamente no llegue luz a la pantalla, esta lectura nos da el ángulo girado.

.

Si se dispone de láseres de distinta longitud de onda o filtros de diversos colores en el caso de una fuente incandescente, se puede observar su influencia en el ángulo de girado. Se peude estudiar también la influencia de la longitud del tubo y de la concentración de la disolución

Referencias

[1] DOG 120/2015; QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando…

[2] https://xuvenciencia.org, campus de Lugo de la USC. El kit "Photonics Explorer"

[3] UNE 34195 "Azucar. Determinación del poder rotatorio (polarización)" 1 984.

[4] Allinger N.L. … "Química orgánica" Ed. Reverté; Solomons G. "Química orgánica", Ed. Limusa

Construción e emprego dun espectrofotómetro caseiro como aproximación á espectroscopía en Secundaria

R. Cid Manzano[1,*], D. González-Fernández[1]

[1]Facultade de Ciencias da Educación, Avda. Xoán XXIII, Campus Norte, Santiago de Compostela, España
ramon.cid@usc.es

Unha forma de ensinar métodos actuais de análise de substancias, como a espectroscopía e espectrometría, na materia de Física e Química [1], pode ser a través dunha sinxela práctica de laboratorio onde se empregue unha técnica espectroscópica e a coñecida Lei de Beer-Lambert para determinar a concentración dunha disolución.

A **espectroscopía** é o estudo da interacción entre a radiación electromagnética e a materia. O emprego de métodos instrumentais baseados nesta interacción permite identificar analitos ou incluso determinar a súa concentración nunha disolución. Entre as **técnicas espectroscópicas**, aquelas nas que o analito sufre procesos de absorción, emisión ou luminescencia, atópase a **espectroscopía ou espectrofotometría ultravioleta-visible**.

Na **espectrofotometría** aprovéitase a absorción de radiación electromagnética na zona do ultravioleta e visible do espectro. A relación entre a intensidade de luz incidente (I_0) e a intensidade da luz transmitida (I) proporciona a absorbancia (A) segundo a expresión: $A = -\log(I/I_0)$. Por outra banda, a absorbancia é linealmente proporcional á concentración da especie absorbente segundo a **Lei de Beer-Lambert**: $A = \varepsilon \cdot l \cdot c$ (onde ε é a constante de proporcionalidade que se denomina *absortividade molar*, *l* é lonxitude atravesada pola luz no medio e c é a concentración do absorbente no medio). Para medir as intensidades da luz a unha determinada lonxitude de onda emprégase un **espectrofotómetro**.

Na bibliografía existen diferentes propostas para a elaboración de espectrofotómetros caseiros nas que se empregan tanto probetas [2], LEGOs [3], circuítos electrónicos simples cun díodo emisor de luz (LED) e unha resistencia dependente da luz (LDR) [4], cámaras dixitais [5], como discos compactos (CDs), caixas de cartón [6] ou un teléfono móbil [7].

A nosa proposta pretende simplificar a montaxe e abaratar os custos de fabricación das propostas anteriores, ademais de substituír os programas empregados na conversión de imaxes en espectros pola utilización de aplicacións para teléfonos móbiles que permiten medir a intensidade das cores, de forma que se axilice o rexistro dos datos.

Así, na práctica de laboratorio construiremos un espectrofotómetro de feixe simple con un único compartimento de cela, empregando unha cartolina de cor vermella como monocromador, unha caixa de cartón e a cámara do teléfono móbil, xunto a unha aplicación como *ColorMeter Free – color picker* [8], a modo de detector. A continuación, co dispositivo elaborado, determinaremos a concentración dunha disolución problema de sulfato de cobre (II), reactivo habitual nos laboratorios dos centros educativos.

Referencias

[1] Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Diario Oficial de Galicia, 120 (2015) 25434.
[2] J. Gordon, S. Harman, Journal of Chemical Education, 79 (2002), 611.
[3] K. Knagge, D. Raftery, Chemical Educator, 7 (2002) 371.
[4] J. Delgado, I. A. Quintero-Ortega, A. Vega-Gonzalez, Journal of Chemical Education, 91 (2014) 2158.
[5] J. M. Quagliano, C. Marks, Journal of Chemical Education, 90 (2013) 1409.
[6] S. Taha, G. Rafat, F. Aboshosha, F. R. Mansour, Journal of Analytical Instruments, 72 (2017) 239.
[7] T. S. Kuntzleman, E. C. Jacobson, Journal of Chemical Education, 93 (2016) 1249.
Vistech.projects (2012) ColorMeter Free – color picker (1.0.3) [Android]. Descargada de: https://play.google.com/store/apps/details?id=com.vistechprojects.colormeterfree

Uso de criterios para a avaliación de modelos sobre o proceso de disolución do sal en auga

Beatriz Crujeiras Pérez*

[1]Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias da Educación, Santiago de Compostela, España
beatriz.crujeiras@usc.es

Nesta comunicación preséntase unha actividade sobre o proceso de disolución dos compostos iónicos en auga a través da elaboración e avaliación de modelos. A actividade lévase a cabo con estudantes do máster de profesorado de secundaria dentro dun módulo dedicado ao ensino da química a través das prácticas científicas[1].

O enfoque de ensino das ciencias a través das prácticas científicas implica abordar como construír o coñecemento científico e comprender por que este se constrúe, examina e avalía dunha forma determinada [2]. Este enfoque garda relación co desenvolvemento das competencias científicas, xa que ambas implican o desenvolvemento de operacións similares. En concreto a práctica que se aborda nesta comunicación é a de modelización, a cal implica a elaboración, uso e avaliación de modelos. A modelización é moi relevante no ensino da química xa que este está dominada polo uso de modelos, posto que para a comprensión dos fenómenos macroscópicos é case imprescindible empregar representacións submicroscópicas ou modelos [3]. Os modelos empréganse para representar un sistema obxecto de estudo ou partes do mesmo, como axuda no desenvolvemento de preguntas e explicacións, para xerar datos que podan ser empregados para elaborar predicións e para comunicar ideas. [4].

A actividade obxecto de análise neste traballo enmárcase nun contexto da vida cotiá, en particular no proceso de cociñado da pasta, e nela abórdanse contidos de enlace químico, forzas intermoleculares e/ou propiedades periódicas, dependendo do nivel educativo no que se realice. Consta de dúas partes diferenciadas: a elaboración de modelos e a avaliación dos mesmos que se realizan en pequenos grupos e en dous días diferentes. Na parte de elaboración de modelos, os participantes teñen que elaborar primeiro un modelo teórico que explique o que lle ocorre ao sal ao engadilo nunha pota con auga para cociñar a pasta e a continuación construír un modelo físico que o represente o modelo teórico. Para isto contan con plastilina de distintas cores.

Na parte de avaliación de modelos, os participantes deben identificar os aspectos que debe conter un modelo para representar axeitadamente o proceso de disolución do sal en auga, e aplicar eses criterios para seleccionar cal dos modelos elaborados polos pequenos grupos se axusta máis ao fenómeno real. Unha vez feita a selección de criterios, os participantes deben aplicalos para analizar todos os modelos elaborados polos grupos. Para rematar a actividade, visualízase unha simulación do proceso de disolución a nivel microscópico e finalmente cada grupo debe revisar o modelo elaborado indicando os aspectos que deberían modificar para que se achegase ao proceso microscópico visualizado.

Agradecementos

Traballo financiado polo proxecto EDU2017-82915-R, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (AEI/FEDER, UE).

Referencias

[1] National Research Council (NRC), A framework for K12 Science Education: practices, crosscutting concepts and core ideas, Washington D. C., The National Academies Presss, 2012.
[2] B. J. Reiser, L. K. Berland, L. Kenyon, Science and Children, 49 (2012) 8.
[3] J. Oversby, in Developing Models in Science Education, J. K. Gilbert, C.J. Boulter (Eds.), Dordrecht, Springer, 2000, 12.
[4] Next Generation Science Standards, NGSS, Washington D. C., The National Academies Presss, 2013.

Determinación de iones cloruro en aguas de lago. Aplicación del programa Statgraphics para el tratamiento de datos

José María Fernández Solís[1,*], Sabela Fernández Alonso[1], Hervilia María Seco Lago[2]

[1]Departamento de Química, Escuela Politécnica Superior, Universidade da Coruña, 15403 Ferrol, España
[2]Departamento de Física y Química, IES Monte das Moas, 15009 A Coruña, España
*jose.maria.fsolis@udc.es

El Statgraphics es un programa estadístico que permite realizar estudios sobre: a) independencia (cada conjunto de datos debe ser independiente del resto), b) normalidad (un conjunto de datos debe seguir una distribución normal), c) homocedasticidad (propiedad de los conjuntos de datos de presentar varianzas similares), d) comparación de los valores de las medias de dos conjuntos de datos, e) comparación de la media de un conjunto de datos con un valor de referencia [1], f) comparación de datos apareados (pares de medidas obtenidas por un mismo método de análisis pero en muestras distintas o tomadas en lugares diferentes) y g) análisis de la varianza (ANOVA, que se aplica cuando se quieren comparar más de dos medias) [2].

En esta comunicación se describe un ejemplo de aplicación del apartado f) comparación de datos apareados. Para ello se determina el contenido de iones cloruro en muestras superficiales y profundas de agua de un lago, mediante la técnica de volumetría de precipitación, usando nitrato de plata como agente precipitante y cromato de potasio como indicador [3], describiéndose los pasos seguidos con el programa Statgraphics.

En este caso se obtienen, utilizando el método volumétrico ya citado en diez muestras de agua de un lago (cinco de ellas tomadas en el fondo y las otras cinco en la superficie), los valores de las concentraciones de ion cloruro y se realiza un tratamiento estadístico, en un proceso que conlleva tres sencillas etapas, determinando mediante el programa Statgraphics parámetros como: media, varianza y desviación estándar de las diferencias, t de student y p-valor, comparando el resultado obtenido para este último con el valor del nivel de significación α del 5% y llegando a la conclusión de que existen diferencias significativas entre los valores de concentración de cloruro de la superficie y del fondo para un nivel de confianza del 95 % [4].

Al mismo tiempo, partiendo también de los valores de las concentraciones de los iones cloruro en las diez muestras, se obtienen los parámetros estadísticos por medio de una calculadora de bolsillo manual o no programable [5], llegándose a unos resultados totalmente concordantes con los del programa informático. Este último presenta las ventajas de su comodidad, sencillez de uso, rapidez y el evitar realizar cálculos relativamente tediosos asociados al método manual [4].

Agradecimientos
A Julia Pérez Iglesias por su colaboración en el desarrollo del trabajo y a Salvador Naya Fernández, por el interés y ayuda prestada en la instalación y uso del programa Statgraphics. La primera, es profesora jubilada y, el segundo, profesor en activo, ambos de la Universidad de A Coruña.

Referencias

[1] Fernández, S.; Seco, H. M.; Fernández, J. M.; Pérez, J. Anuario Latinoamericano de Educación Química, 30 (2014-15), 33.
[2] Estadística Práctica con Statgraphics. I. Capella (Eds.), Madrid, Prentice Hall-Pearson Educación, S. A., 2002.
[3] Fundamentos de Química Analítica (8ª Edición). C. de la Fuente, C. García (Eds.), Madrid, Thomson Editores Spain-Paraninfo, S.A., 2005.
[4] Estadística Sencilla para Estudiantes de Ciencias. C. Seoane (Eds.), Madrid, Editorial Síntesis, S. A., 2012.
[5] Los Cálculos Numéricos en la Química Analítica (6ª Edición). P. Bermejo (Eds.), Santiago de Compostela, Tórculo Edicións, 1998.

Experiencia didáctica no laboratorio: profundando na corrosión dos metais

X. Carlos Rodríguez[1,2*], María J. Romero[1]

[1]Departamento de Didácticas Aplicadas, Facultade de Formación do Profesorado, Universidade de Santiago de Compostela, Avda. de Ramón Ferreiro, s/n 27071, Lugo, España.
[2]I. E. S. Lucus Augusti, Avda. Rodríguez Mourelo, s/n, 27002, Lugo, España.
juancarlos.rodriguez@edu.xunta.gal

A corrosión dun metal consiste nun proceso electroquímico no que a superficie do metal se oxida e outra substancia existente no medio se reduce simultaneamente. Este proceso conduce a unha degradación das propiedades e limita as aplicacións dos materiais metálicos.[1] Neste sentido, é interesante levar a cabo experiencias prácticas relacionadas con este fenómeno,[2] coas que o alumnado poida aplicar os seus coñecementos sobre os procesos redox e os potenciais normais de redución dos elementos químicos. Por outro lado, o uso de ferramentas multimedia contribúe a mellorar o proceso de aprendizaxe e axuda no desenvolvemento de competencias na aula, tanto a nivel do Bacharelato como de algúns ciclos formativos de grao superior.

O obxectivo desta actividade experimental, levada a cabo nun laboratorio de ciclos formativos da rama da química, é estudar o proceso de corrosión en diferentes metais que se somerxen en disolucións con distinto carácter ácido ou básico, así como calcular e realizar unha análise comparativa da *velocidade de penetración da corrosión* (VPC) [1] para distintos metais tratados baixo as mesmas condicións (atmosfera, acidez/ basicidade, concentración da disolución, etc).

A experimentación lévase a cabo en laboratorio, tal e como se describe na páxina 103 do manual de ensaios físicos [1] e tamén de xeito virtual co programa LVC (Laboratorio Virtual de Corrosión) [3]; medindo a *VPC* por ambos métodos.

O uso dun microscopio metalográfico e microscopio virtual facilita a observación dos efectos da corrosión na superficie de cada metal, en función das condicións empregadas. Adicionalmente, os estudantes comparan os seus resultados experimentais cos ensaios virtuais obtidos coa aplicación multimedia LVC,[3] que proporciona imaxes microscópicas das seccións transversais e superficiais das mostras segundo as condicións de corrosión seleccionadas, así como o valor da VPC (*vide supra*) expresada en milímetros por ano (mmpa).



Fig.1. a) Condicións de tratamento das mostras no laboratorio; b) imaxes das seccións transversais de varios metais despois do ensaio, proporcionadas pola aplicación LVC [3].

Referencias

[1] X. C. Rodríguez García, en Ensayos Físicos, 2ª Edición revisada e actualizada, Madrid, Editorial Síntesis, 2019.
[2] A. J. Franco, Alambique. Didáctica de las Ciencias Experimentales, 70 (2012) 98.
